



CONCELLO DE ROIS

Samil, 1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)
T 981804109 F 981804182
correo@rois.gal
www.rois.gal

CERTIFICACIÓN

Diego Losada Romero, secretario do Concello de Rois, **CERTIFICO** que na Xunta de Goberno Local de 28 de abril de 2021 aprobouse por unanimidade o acordo que deseguido se transcribe:

CONCESIÓN SUBVENCIONS ASOCIACIÓNS 2020: CLUB DEPORTIVO ROIS E CHORIMA

Logo de ver a base oitava das Bases de convocatoria de subvencións culturais, deportivas, veciñais, educativas e para reinserción social do Concello de Rois para o ano 2020, publicadas no BOP nº 219 de 22 de decembro de 2020.

Logo de ver a base décimo cuarta das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Rois para o exercicio 2020.

Logo de se reunir a Comisión avaliadora designada para este efecto.

A Comisión avaliadora proponlle á Xunta de Goberno Local a concesión das seguintes subvencións que deseguido se detallan:

1. CLUB DEPORTIVO ROIS: 6.500,00 €
2. OBRADOIRO DE CULTURA TRADICIONAL CHORIMA: 4.398,48 €

A Xunta de Goberno Local acorda a concesión das devanditas subvencións.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do Sr. Alcalde

Rois, na data da sinatura dixital

Visto e praxe

O secretario
Diego Losada Romero

O alcalde
Ramón Tojo Lens